

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA

CURSO: 2019/2020

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4.º ESO

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: 08/05/2020

## ÍNDICE

0. **Introdución**
1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 0. Introducción

Tendo en conta a situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, que implicou o peche dos centros educativos dende o 16 de marzo e o paso das clases presenciais á formación telemática, este Dpto. detalla as modificacións que se levarán a cabo para a terceira avaliación. Seguindo as instrucións publicadas o 27 de abril de 2020 (accesibles na páxina *web* da Consellería de Educación, destacamos o seguinte:

- A atención educativa ao alumnado continuará (punto 3.1 das citadas instrucións), fundamentalmente a través das seguintes canles: Aula Virtual do centro, correo electrónico e sesións a través de *Webex* cando fosen precisas.

- A avaliación de 2.º de bacharelato posporase para adaptala ás novas datas das ABAU. Será antes do 9 de xuño (punto 3.3 das citadas instrucións).

- Terase en conta ao alumnado que teña problemas de conexión telematicamente e ofrecerase solucións (punto 4 das citadas instrucións).

- Adaptación dos contidos da 3.ª avaliación (punto 6 da citada orde): priorizaranse os contidos relacionadas coas competencias básicas (comprensión lectora, expresión oral e escrita, expresión escrita...) e eliminaranse aqueles máis complicados que precisen maior apoio docente e menor autonomía do alumnado (coma a sintaxe non explicada na 2.ª avaliación ou a análise de textos complexos); ademais, dado o carácter da materia, estes contidos son obxecto de estudo ampliado no seguinte curso, polo que se traballarán con mais detalle nel.

- Durante a 3.ª avaliación realizaranse as actividades de recuperación pertinentes e adaptadas á situación do momento (punto 6.2 e 6.4 das instrucións), tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro (punto II3.13 para ESO e II4-16 para bacharelato das instrucións).

- A avaliación e cualificación do alumnado terá en conta as aprendizaxes realizadas na 1.ª e 2.ª avaliación (punto 6.9 3 7.3 das citadas instrucións) e as da 3.ª avaliación só poderán beneficiar ao alumnado (punto 6.9 das citadas instrucións, II3.6 para ESO e II4.7 para bacharelato). Polo tanto, o alumnado que superou satisfactoriamente a 1.ª e a 2.ª avaliación, superará a materia automaticamente.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – LCL – 4.º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.).	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.
B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais. LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.
B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.
B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto. LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas. LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.
B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de	LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.

aprendizaxe continua.	
B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.). LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas. LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.
B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.	LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.
B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións. LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela. LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o substantivo e cláusulas subordinadas substantivas.
B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.
B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.	LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).
B4.4. Comprender textos literarios representativos do século XX, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura do século XX, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.

Recollemos só os considerados imprescindibles dos fixados para a 3.ª avaliación na programación, xa que os outros se manteñen por teren sido explicados na aula antes da supresión das clases presenciais e poden consultarse na programación da materia.

As lecturas fixadas para esta avaliación eran unha obra de teatro do absurdo de Poncela (a escoller entre *Cuatro corazones con freno y marcha atrás* ou *Eloísa está debajo de un almendro*) e *Desnuda* de Sierra i Fabra. Cancelouse a lectura de *Desnuda* (polas dificultades de acceso á obra, so dispoñible en formato papel) e mantívose a da obra teatral, escollendo *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*, xa que está accesible en liña. En canto áos restantes contidos de educación literaria, estes restrinxiranse a un achegamento á poesía anterior á Guerra Civil e ao teatro de posguerra; se é posible, intetarase ler algún texto da literatura hispanoamericana do XX.

<b>2. Avaliación e cualificación: manterase, na medida do posible, o recollido na programación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: observación sistemática do traballo realizado a través da Aula Virtual; valoración das lecturas realizadas polo alumnado; valoración da expresión oral; traballos escritos; probas obxectivas escritas.
	Instrumentos: caderno da profesora, traballos escritos e orais, probas obxectivas de resposta breve realizadas a través da Aula Virtual.
<b>Cualificación final</b>	<p>Alumnado que superou as 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Media das dúas primeiras avaliacións (ou 40% nota da 1.<sup>a</sup> avaliación + 60% nota da segunda avaliación)<sup>1</sup> + ata un punto en función do traballo realizado na 3.<sup>a</sup> avaliación.</li> </ul> <p>Alumnado que non superou a 1.<sup>a</sup> e/ou 2.<sup>a</sup> avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Opción a recuperar os traballos de lectura e oralidade das avaliacións anteriores.</li> <li>- Proba en xuño dos contidos das dúas primeiras avaliacións, así como das lecturas non recuperadas + ata un punto en función do traballo realizado na 3.<sup>a</sup> avaliación. A proba realizarase presencial ou telematicamente en función da evolución da pandemia e será escrita, oral ou combinando ambas, en función das circunstancias que se dean nese mes.</li> </ul> <p>O redondeo será automático a partir de 0,5 se o alumno traballou na 3.<sup>a</sup> avaliación e non existirá para aquel alumnado que, tendo medios, non realizase as tarefas propostas.<sup>2</sup></p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	- Proba que se realizará presencial ou telematicamente (de xeito escrito, oral ou combinando ambos) en función da evolución da pandemia. Nesta proba inclúiranse os contidos das dúas primeiras avaliacións, incluídas as lecturas de curso deses periodos.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: Neste cursos non hai alumnos coa materia pendente.
	Criterios de cualificación: Non son, pois, precisos.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non son precisos.

<sup>1</sup> Empregarase sempre a opción máis beneficiosa para o alumnado.

<sup>2</sup> Polo tanto, a cualificación poderá ver incrementada a media das dúas avaliacións anteriores en ata case dous puntos. Exemplo: alumno cuxa media anterior é de 6,5 que traballa adecuadamente na terceira avaliación (entrega todas as tarefas de xeito correcto) polo que alcanza a máxima puntuación (7,5), que se vería redondeada a 8 automáticamente. Se ese mesmo alumno (tendo medios) non realiza ningunha actividade na terceira avaliación, a media non sería redondeable e a cualificación final sería de 6. Se o alumno traballa, pero as actividades non cumpren os requisitos, se realizan incorrectamente ou de xeito irregular, alcanzaría unha suba de nota inferior a un punto, polo que terminaría o curso cun 7.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Lectura da obra seleccionada (<i>vid. supra</i>) e realización dun traballo segundo as indicacións facilitadas ao alumnado.</p> <p>Realización dun vídeo poema dun texto lírico do século XX (oralidade)</p> <p>Realización de actividades de comprensión lectora, elaboración de esquemas para organizar a información principal, ortografía e vocabulario.</p> <p>Realización de actividades de repaso da sintaxe vista na segunda avaliación (cláusula simple, oración composta coordinadas e cláusulas complexas –só subordinadas sustantivas) e das clases de palabras.</p> <p>Realización de actividades de reforzo.</p> <p>Probas de resposta breve a través da Aula Virtual.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía atenderá aos diferentes aspectos da competencia lingüística (reflexión gramatical, práctica escrita e oral) e integrará as TIC. Dadas as condicións predominará o traballo individual do alumnado e combinaranse actividades de lectura e interpretación, de creación, de presentación de traballos, de reforzo e de avaliación.</p> <p>Traballarase aproveitando as actividades do libro de texto e propostas en liña, evitando que o alumnado teña que imprimir material e evitando que precisen o ordenador a diario (en aras de facilitar o acceso a este útil a outros membros da familia, se fose necesario).</p> <p>Para elo, pautaranse actividades semanais, que non esixan conexión diaria por parte do alumnado. O contacto co estudantado será tanto a través da Aula Virtual (preferentemente) como do correo electrónico tanto para dúbidas, corrección de actividades, etc.</p> <p>Neste curso non hai ningún alumno sen medios de conectividade.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Aula Virtual do centro e correo electrónico.



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Publicidade da páxina web do centro e na Aula Virtual da materia; a través desa plataforma, enviarase unha mensaxe ao alumnado, para recordarlle que está accesible.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.